

ESTREA EN NUMAX: 17.02.2017 | V.O.S.E. | +7

Hedi (2016, 88')

Dirección: Mohamed Ben Attia

Guión: Mohamed Ben Attia

Elenco: Majd Mastoura, Rym Ben Messaoud, Sabah Bouzouita, Hakim Boumessoudi, Omnia Ben Ghali

Vestuario: Nedra Gribaa

Son: Faouzi Thabet

Montaxe: Azza Chaabouni

Música: Omar Aloulou

Fotografía: Sawssen Saya

Produtora: Nomadis Images (Tunisia), Les Films du Fleuve (Bélxica), Tanit Films (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Árabe, francés

FILMOGRAFÍA

Romantisme, 2004
[curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlin 2016 (Mellor opera prima, Mellor actor), Atenas 2016 (mellor filme), BAFICI 2016 (sección oficial), Cartago 2016 (mellor actor), Lumière 2017 (mellor filme francófono), Valladolid 2016 (sección oficial)

SINOPSE

Hedi é un mozo sinxelo: non fala moito nin ten moito carácter, tampouco espera demasiado dunha vida que xa ten trazada. Indiferente ante todo o que o rodea, acepta as cousas como se presentan: deixar que a súa nai, autoritaria e dominante, organice o seu matrimonio con Khedija; que o seu xefe o mande a Mahdia a semana da súa voda e que o seu irmán maior lle diga como debe comportarse.

«*Hedi* converte ao individuo na metáfora dun país, dun mundo que se debate entre tradición e modernidade»

Deborah Young, HOLLYWOOD REPORTER



“Gústame comezar polo concreto e que o marco xeral se vaia revelando pouco a pouco”

Entrevista a Mohamed Ben Attia
Por Cathy Immelen

Hedi foi coproducido polos irmáns Dardenne. Está claro que existe unha filiación con eles na posta en escena. Como foi que conseguiches traballar con eles na túa primeira longametraxe? De feito foi cousa da miña produtora que á súa vez coñecía a produtora deles, Delphine Tomson. Pasoulles o guión, gustoulles e pediron ver a miña última curtametraxe, que lles fixo decantarse polo filme. Cando recibín a noticia quedei sen fala, non o podía crer. Nin que dicir ten que sinto grande admiración polo seu cinema, co que foi algo estraño ao comezo, sobre todo ao velos no Skype por vez primeira. Mais axudáronme moito, con delicadeza, sen tentar impoñer os seus coñecementos. Foi realmente agradábel.

É complicado facer cinema hoxe en Tunisia? Por estraño que pareza non tivemos grandes problemas, algo curioso porque mesmo para facer curtas adoitan pór atrancos. Hai xa tempo que non estamos sós, que hai máis xente a facer cinema. Antes facíanse só dous ou tres filmes ao ano, agora realízanse 16 ou 18, moitos deles froito da coprodución. Aínda é máis complicado filmar ca noutros países pero detéctase unha clara mellora.

Axudou a primavera árabe a liberar a palabra do artista? Si, por suposto! Sen dúbida! Teño algo de medo con iso porque non quero parecer demasiado didáctico ou caer no fácil. Antes tiñamos a censura política coas súas ramificacións. Daquela, mesmo para falar dun tema trivial, cumpría pasar pola censura. O social, o relixioso, todo era censurábel e finalmente estabamos sempre a contar as mesmas historias con pequenos desvíos. Había que coidar as palabras. O que realmente mudou é que agora o tempo e o estilo viraron máis

claros e honestos pois cada quen é libre de elixir o tratamento que considere máis acaído para contar as súas historias.

Que é o que nos quere mostrar da Tunisia de hoxe? Dificil pregunta! [risas] Para ser sincero, todo comeza sempre por un tema, un personaxe ou unha historia concretas. O tema vai acadando as súas resonancias a través do tratamento, mais de inicio non teño unha vontade concreta de amosar determinados aspectos da sociedade do meu país. Sempre tento manter a honestidade no tocante aos temas que me tocan intimamente e creo que a partir destes sentimentos os demais aspectos agroman de seu. Mais non me gustaría facelo á inversa. Gústame comezar polo concreto, xeralmente con personaxes cotiáns, e que o marco xeral se vaia revelando pouco a pouco.

O punto de partida é o retrato dun home oprimido no interior da súa familia que tenta rebelarse, non si? Si, el é moi brando ao comezo. De feito é brando a causa do paralelismo, ao longo de todo o filme, entre a grande e a pequena historia, entre *Hedi* e todo o que vivimos nos últimos anos. Ao comezo el atopábase resignado ao igual ca todos nós antes do 14 de xaneiro, nese estado de fatiga no que rematabamos por resignarnos, por aceptar a nosa sorte. Logo el reencóntrase co amor e prende nel unha chama.

Para rematar, que che gustaría que os espectadores levasen consigo do teu filme? A dicir verdade, tiven oportunidade de falar con espectadores de moitos lugares —Alemaña, Francia e outros lugares— e sempre hai algo universal que os toca. Hai sempre ao comezo unha curiosidade e unha certa idea preconcebida do que pode ser un filme árabe ou magrebí. O que realmente me emociona é ese interese universal, pois me sinto moi de preto esa verdade, ese personaxe, o noso lado tunesino que se atopa irremediabelmente no filme.

Publicado en www.rtbfb.be/culture/
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org